


O Barrio: ambiente de aprendizaxe da vida cotiá:

(Proxecto sen data de caducidade)



CURSO 2017-2018



*Proxecto de Innovación Lingüística dedicado
a toda a comunidade educativa do CEIP Heroínas de Sálvora*

2 Introducción



No curso 2015-2016 aprobamos o noso novo Proxecto Educativo, onde se aposta, entre outras cuestións, polos ambientes de aprendizaxe. Progresivamente fóronse deseñando e montando distintos ambientes acordes coas necesidades reais do noso alumnado, tanto de educación infantil como de primaria: Ambientes de Natureza, Construcións, *Atelier*, Palabras, Espellos, Ágora, Procesos e o Aquelar, con distintas identidades (artística, científica...) pero sempre baixo o prisma de globalización.

Este curso, seguimos avanzando no desenvolvemento e enraizamento do PE. No ambiente do Aquelar de educación infantil (identidade da vida cotiá) xa tiñamos montados distintos servizos comunitarios: supermercado, clínica, salón de peiteado... e este ano decidimos acondicionar un espazo en primaria e crear un ambiente que recree un barrio, intentando ser o máis fiel posible ao que se podería ver nunha vila. Nel podemos atopar establecementos como ultramarinos, axencia de viaxes, farmacia e óptica, clínica,

café-teatro e unha galería de arte. Na súa montaxe colaboran infinidade de empresas, comercios, familias..., que achegan todo tipo de recursos, dentro do proxecto que temos de Escola Aberta. Buscamos que os espazos sexan o máis semellantes a un barrio real (produtos, carteis, instrumentos de clínica, expositores...). Este intento de “calco” da realidade pon claramente de manifesto a situación lingüística do noso contorno. Practicamente todos os recursos doados para o noso barrio están en castelán (carteis, produtos, catálogos...), o que implica que este barrio podería estar localizado en calquera punto xeográfico onde o galego non existe e non forma parte da identidade dun pobo.



Esta “situación espello” é a creación dun “observatorio” dentro da escola para reflexionar sobre o que temos que transformar fóra da escola.

Consideramos que a escola debe abrir constantemente interrogantes para desenvolver o espírito crítico e reflexivo da nosa comunidade educativa. Observando e reflexionando sobre o noso contorno máis inmediato e focalizando a atención sobre a vida cotiá comunitaria cabe preguntarnos: se vou a un quiosco,



en que lingua atopo as revistas e xornais?, se vou a un restaurante, en que lingua está o menú?, se vou ao supermercado, en que lingua están as etiquetas dos produtos, os carteis...?, se vou a un banco?, se vou ao salón de peiteado, en que lingua son atendido/a? Tal e como exporemos no apartado de situación

lingüística, podemos falar en termos dunha diglosia cada vez máis agudizada, dunha desgaleguización do contorno e, polo tanto, da nosa comunidade educativa que avanza a pasos axigantados que nos fan acender as alarmas e buscar estratexias para intentar mellorar esta situación, e deseñar un proxecto como este que presentamos.

Polo tanto, este proxecto busca a recreación dun escenario da vida real-cotiá no interior e corazón do noso centro, como é un barrio, creando un espazo de vivenciación competencial onde se abran interrogantes sobre temas lingüísticos e sociais (perspectiva de xénero, diversidade...), e se esperte a creatividade para materializar melloras (deseño de recursos de ambientación, lingua oral asociada

a determinados servizos...) e propostas de invitación para distintos axentes externos que colaboran con



nós. Salienta a creación de espazos de oralidade que se suman a outros polos que está apostando a nosa escola: Consello Escolar de Nenos/as, faladoiros diarios, paneis de expertos/as...


É importante comentar que na nosa escola hai varias familias de orixe portuguesa, algunhas de cultura xitana e outras non. Observamos nalgunha ocasión como algunhas das propias familias rexeitan estas orixes. Porén, consideramos que é unha riqueza de diversidade que temos que aproveitar na nosa escola.



Transversalmente, este proxecto leva implícita a apertura de oportunidades para vivenciar competencialmente en galego distintos ámbitos do coñecemento: anatomía (na clínica), xeografía (axencia de viaxes), economía (ultramarinos), linguaxes artísticas (galería e café-teatro)... Na Alternativa a Relixión temos un proxecto de teatro, común a toda a escola. O barrio será un dos escenarios que se utilicen.



Nesta presentación debemos indicar que dentro do noso PE temos un proxecto chamado Escola Aberta que busca, por unha banda, abrir ao máximo a implicación da comunidade educativa na vida da escola a través de distintas modalidades e, por outra, que a comunidade educativa se implique o máximo posible na transformación do contorno (conservación, propostas de mellora, difusión cultural...).



Polo tanto, este proxecto enriquecerase destas modalidades (familias colaboradoras, expertas, comisións de familias, artistas habitantes...) e contribuirá a enraizalas, sumando unha nova modalidade chamada Memorias. Neste proxecto está implicada a totalidade da comunidade educativa.

“O barrio: ambiente de aprendizaxe da vida cotiá. Proxecto sen data de caducidade” é o título que presenta este proxecto, onde se sintetiza a súa esencia e a nosa aposta conectada

coa contorna real, cotiá e próxima, considerando que ten un valor engadido que non só será desenvolto este curso senón que buscamos que pase de xeito plurianual a formar parte do ADN do noso Proxecto Educativo e que vaia enriquecéndose en todos os ámbitos curso tras curso: recursos elaborados por nós en galego, proxección cara ao exterior... De aí a razón pola que falamos dun proxecto sen data de caducidade: polo gran potencial que observamos no desenvolvemento integral do alumnado, desexamos que permaneza no tempo na nosa escola.

2.1 Identificación da situación sociolingüística

O CEIP Heroínas de Sálvora é unha escola situada na parroquia de Aguiño, no Concello de Ribeira. Pola súa situación xeográfica, conta cunha actividade económica, cultural... intimamente ligada ao mar. Debemos sinalar que, a pesar de que Aguiño é unha parroquia dentro de Ribeira, presenta unha identidade lingüística propia, sendo galego-falante o contorno do noso alumnado máis inmediato. Aínda así, debemos comentar que, a medida que avanza os cursos, observamos unha galopante desgaleguización no noso contorno traducida en feitos como os seguintes, que serán o noso punto de partida para intentar mellorar esta situación lingüística:

- Cada ano o número de nenos/as que empezan en educación infantil falando en galego é menor.
- A medida que avanza os cursos, os/as nenos/as que falan en galego mudan cara ao castelán, cada vez en idades máis temperás.
- Alumnado que fala en galego muda cara ao castelán cando está con outro neno/a que non fala en galego (a situación inversa non adoita darse).
- Familias que falan en galego fálalles en castelán aos fillos e fillas.
- Alumnas e alumnos que estiveron no colexio e falaban en galego agora son pais/nais e fálalles en castelán aos nenos e nenas.
- Alumnado que falaba en galego en primaria cando chega ao instituto fala en castelán.

- Dos datos recollidos nas enquisas entre as familias sinalaremos que, a pesar de que hai un uso xeneralizado do galego, non se conta cunha valoración desexada, o que abre a porta ao abandono da mesma (por prexuizos...).

- A proximidade de contornas castelanfalantes como a vila de Ribeira fai que muden de rexistro, posto que é un escenario continuo de uso do comercio, de uso de servizos comunitarios (concello, hospital...).

- Debemos sinalar tamén a influencia dos medios de comunicación e nas TIC en xeral, xa que apenas atopamos referentes e oferta en galego, factor vital no proceso de desgaleguización.



Salienta o feito de que alumnado galegofalante muda ao castelán cando utiliza as redes sociais.

- Como docentes, temos moitas dificultades en atopar recursos para traballar distintos aspectos nos diversos ámbitos do coñecemento, e destaca en particular nas contornas multimedia.

- Tamén debemos apuntar que dende hai varios cursos nos rexistros das distintas saídas que se realizan como actividades complementarias existen uns *ítems* onde se anota a lingua do contorno que se visita: sinalización, lingua empregada polos monitores/as, lingua da información complementaria (publicidade...), datos que poñen de manifesto a ausencia da nosa lingua en moitos ámbitos.

- Os servizos comunitarios do contorno non ofrecen maioritariamente nos seus produtos, publicidade etc. unha oferta en galego.

- Tamén debemos salientar a escaseza de adaptacións de recursos para persoas con diversidade funcional e, en concreto, en galego (catálogos, menús...).

- Os prexuizos que envolven a lingua portuguesa tradúcense en rexeitamentos e discriminacións.

Polo tanto, a panorámica de desgaleguización acelerada que se nos presenta entrelaza numerosas necesidades e, como comunidade educativa, temos que intentar darlles resposta para frear esta tendencia: ofrecer referentes que formen parte da súa vida cotiá, invitar a facer observacións no contorno e reflexionar



sobre a xénese das distintas situacións (prexuízos...), buscar contextos cos que se identifiquen, pór en valor todas as manifestacións orais e nas distintas linguaxes producidas en galego...

Tendo en conta esta situación desalentadora no que está deixando de ser un oasis lingüístico, deseñamos este proxecto, montamos un barrio na nosa escola para crear un espazo de aprendizaxe da vida real onde se traballen todos os aspectos que debemos transformar entre toda a comunidade educativa.

3 Obxectivos

Os obxectivos que imos presentar responden a distintos graos de consecución, atendendo ao noso PE e os documentos que o configuran, especialmente o PLC e o Plan de convivencia. Polo tanto, estaremos ante obxectivos que son de inicio, avance, consolidación ou ampliación.



Fan referencia tanto ao barrio que estamos construíndo este curso en primaria como aos avances na construción do ambiente de infantil Aquelar. Aínda que falemos de dous espazos distintos, debemos sinalar que ambos, en moitas ocasións, son utilizados por todo o alumnado (recreos, franxas compartidas mixtas...). Polo tanto, cando falamos de "barrio" referímonos a estes dous espazos de servizos comunitarios.

Implicación da comunidade educativa dentro da escola

- Deseñar e acondicionar o barrio como ambiente de aprendizaxe con distintos servizos comunitarios da vida cotiá (supermercado, clínica...), intentando que se asemelle o máis posible á un barrio real.
- Implicar o alumnado no deseño e invitalo a facer os seus propios deseños dun barrio.
- Crear espazos de uso da linguaxe oral semellantes a aqueles nos que se teñen que desenvolver na súa vida cotiá (escenas nos establecementos, celebración do Consello Escolar de Nenos/as...)
- Deseñar propostas de vivenciación competencial en distintos ámbitos do coñecemento (anatomía, xeografía, economía, linguaxes artísticas...), salientando o xogo representativo de roles.
- Potenciar o uso oral de comunicación en servizos nos que en moitas ocasións se adoita mudar de lingua polo peso dos prexuizos (hospital, bancos...).
- Sensibilizar dende a perspectiva de xénero asociada ás profesións tradicionalmente relacionadas cos homes e mulleres, aos roles á hora de facer uso dos servizos e ao chamado teito de cristal: quen acostuma levar os/as fillos á clínica? Quen adoita ir á farmacia?...
- Crear espazos de intercambio de experiencias do alumnado partindo do seu propio barrio (descricións, debuxos...) con persoas maiores que viviron a evolución destes espazos (avós/as que veñen contar como se foron construíndo as rúas, os establecementos que se abriron e pecharon, como eran os ultramarinos...), apostando pola transmisión interxeracional e sumando unha nova modalidade Memorias ao proxecto de Escola Aberta .

- Apostar pola diversidade de linguaxes artísticas onde a presenza do galego sexa vivenciada máis alá do oral e do escrito (corporal, plástica, musical...).
- Apostar pola diversidade cultural como fonte de riqueza (implicando as familias de orixe portuguesa).
- Aproveitar os recursos das TIC para dotar de vida o barrio (uso de QR no café-teatro para gozar de distintas actuacións, uso da rede para buscar información sobre distintos destinos na axencia de viaxes, aplicacións de maqueta...).
- Diseñar dinámicas onde estea presente o portugués e a cultura portuguesa, aproveitando os recursos humanos das familias.
- Diseñar e montar exposicións (na galería) onde estea presente o binomio galego-inglés.
- Aproveitar a diversidade de linguas das etiquetas dos produtos para establecer paralelismos entre linguas (semellanzas, diferenzas...) e reflexionar sobre a ausencia do galego).
- Diseñar recursos para situacións de diversidade funcional (menú do café teatro en braille, pictogramas na clínica ...).
- Crear a Comisión de Familias do Barrio, que velará pola súa construción e mantemento, e traballará a sensibilización cara á situación lingüística de diglosia, a perspectiva de xénero e a atención á diversidade. Sumaranse as achegas das demais comisións (Igualdade, de Biblioteca e de Costura).



- Crear a Comisión de Familias de Arte, que buscará colaboracións para que a obra de artistas locais forme parte do noso barrio e, polo tanto, da nosa escola.

- Crear espazos de observación, debate e reflexión, para sensibilizar sobre distintas

situacións que necesitan ser melloradas (cuestionarios, espazos de diálogo como poden ser a Escola de Familias...).

- Invitar a toda a comunidade educativa a implicarse no barrio a través de diversas modalidades da Escola Aberta (familias colaboradoras, artistas habitantes, Escola de Familias...).

- Invitar distintas persoas relacionadas coas profesións dos espazos do barrio para que se impliquen nas dinámicas, xogos... que este ofrece (un doutor/a, un carteiro/a...).

- Facer actuacións en directo de artistas locais no café teatro.

- Invitar artistas locais a expoñer na galería.

- Crear publicacións especializadas (arte, cociña...) para o quiosco.



- Crear o Servizo de Publicacións, para elaborar revistas para o quiosco coas distintas investigacións que se realicen ao longo do curso (por exemplo de mulleres científicas...).
- Dinamizar o Servizo de Correos.



Proxección de transformación fóra da escola

- Observar o contorno máis próximo e focalizar a atención:
 - no ámbito lingüístico, creando un espazo de diálogo e reflexión coas observacións realizadas, cuestionándonos a xénese da ausencia do galego.
 - na perspectiva de xénero; por unha banda, observando as profesións, o teito de cristal e, por outra, o uso dos servizos.
 - na diversidade en xeral.
- Entrevistar distintas persoas que traballan en diversos servizos e convidalas a visitar o noso barrio.
- Facerse eco do noso barrio e invitar a que sexa visitado (por nenos/as doutras escolas, veciños/as, familiares...).
- Invitar as familias a enviaren postais e correspondencia para o Servizo de Correos do barrio.

3.2 Propostas estratéxicas

A curto prazo


Montaxe e deseño de recursos e propostas

- Deseño e montaxe do barrio coa implicación de toda a comunidade educativa a través das distintas modalidades do proxecto Escola Aberta.



Súmase con este novo proxecto do barrio a creación da Comisión do Barrio e de Arte.

- Invitación ás empresas, comercios e establecementos locais a participar a través da doazón de distintos recursos (mobiliario, carteis...).
- Etiquetaxe dos distintos elementos do barrio: produtos, sinalización de seccións...
- Deseño de recursos: receitas, listas da posible compra...



- Deseño de propostas:

- de vivenciación competencial, a partir da actividade espontánea e os plans de acción nas titorías e especialidades (planificar unha viaxe na axencia de viaxes...).
- de mellora no ámbito lingüístico (tradución das etiquetas dos produtos, elaboración de revistas



especializadas para o quiosco...).

- de sensibilización cara á igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- de propostas que aproveiten a diversidade cultural da

nosa escola e contorno (familias portuguesas).

- de recursos para situacións de diversidade funcional (menús con pictogramas, en braille...).
- de propostas para incluír manifestacións artísticas locais no barrio (exposición na galería, recitais de poesía no café teatro...).
- de campañas de sensibilización cara ao galego.



A longo prazo

Mantemento e melloras

A nosa intención é manter o barrio e a súa esencia como ambiente de aprendizaxe e como escenario de observación, reflexión... do que acontece nun barrio real para vivenciar as distintas competencias nos vindeiros cursos. Polo tanto, as estratexias céntranse en seguir facendo o que se indicou a curto prazo, enraizándoas e enriquecéndoas.

Son de salientar as modalidades e o moldeamento que se lle engaden á vida do noso colexio grazas a este proxecto do barrio:

- Creación da Comisión de familias do Barrio e de Arte.

- Achegas das comisións existentes: Costura (acondicionamento da infraestrutura...), Biblioteca (elaborando publicacións para o quiosco...) e Igualdade (fornecendo recursos sobre a perspectiva de xénero...).

- Creación da modalidade Memorias: intercambio de experiencias con persoas maiores que viviron as transformacións dos barrios da nosa parroquia.

- Servizo de Publicacións.

- Seguir elaborando recursos



para os distintos espazos do barrio: chistes para a caixa dedicada para este fin no café teatro, catálogos... Salientan os adaptados a linguaxes alternativas e aumentativas (pictos...).

- Seguir mantendo o tratamento transversal da perspectiva de xénero e da diversidade.

4 Organización, desenvolvemento e metodoloxía

Temporalización:

1º trimestre:

- Observación e reflexión sobre os establecementos do contorno próximo (parroquia e concello).
- Cuestionario en familia sobre a situación lingüística.
- Deseño e acondicionamento do barrio dentro da escola. Detección de necesidades.
- Inicio do deseño e desenvolvemento de intervencións: actividade espontánea e a través do Plan de acción.
- Difusión.

- Creación da Comisión de Familias do Barrio.

2º trimestre:

- Avance do acondicionamento.
- Avance do desenvolvemento das intervencións.
- Difusión.
- Creación da Comisión de Familias de Arte.
- Desenvolvemento do Consello Escolar de Nenos/as onde se falará do barrio (melloras lingüísticas).
- Visitas.

3º trimestre:

- Avance do acondicionamento.
- Avance de desenvolvemento das intervencións.
- Reflexión conxunta da comunidade educativa sobre o funcionamento e o impacto do proxecto do barrio e propostas de mellora de cara ao vindeiro curso.
- Visitas.

Obxectivos:

Todos os obxectivos das actividades se relacionan directa ou indirectamente cos expostos no apartado dedicado a estes. En síntese, van encamiñados a:

- Sensibilizar da situación lingüística, da perspectiva de xénero e da diversidade (a través da reflexión, debate...).



- Acondicionar o barrio no relativo á súa infraestrutura: carteis, etiquetas, sinalización...
- Diseñar recursos onde non se dea a ausencia do galego (catálogos, revistas...).
- Diseñar propostas de xogos de roles para avanzar na oralidade (visitas de persoas de distintos oficios...).
- Diseñar propostas para utilizar distintas linguaxes artísticas (musicais, poéticas...).
- Diseñar propostas de acción.
- Implicar a toda a comunidade a través de distintas modalidades de Escola Aberta e engadir algunha nova (Memorias).

Xestión:

Como xa dixemos, neste proxecto está implicada toda a comunidade educativa, o que supón que en moitas ocasións a xestións se entrelacen porque intentamos que se enriqueza dende distintos ángulos. Por exemplo, se facemos un obradoiro de primeiros auxilios na clínica do barrio, é xestionado polo mestre de Educación Física e pola titora dun grupo que fará a parte documental buscando información sobre distintas lesións que se poderían dar nos contextos nos que se moven os nenos/as: parques, adestramentos de deportes....

Os equipos de dinamización traballamos como un único equipo, o Equipo de Innovación, xa que

consideramos que todas as intervencións que se desenvolven na escola teñen que ter transversalidade lingüística. Isto tradúcese en que as distintas dinámicas, recursos deseñados... dos equipos comportarán



unha colaboración mutua. Por exemplo, se no café teatro hai un recital de poesía portuguesa xestionarao a Biblioteca buscando os poemas, o Equipo de Dinamización preparando o recital e o equipo TIC gravando a actuación.

Actividades no exterior da escola relacionadas co barrio:

- Cuestionario de observación do contorno próximo (concello e parroquia) para realizar en familia, que poñerá o foco de atención en tres aspectos:
 - o uso do galego no plano oral e nos servizos e produtos ofertados.
 - a perspectiva de xénero.
 - a diversidade funcional.
- Entrevistas ás persoas dos establecementos.
- Invitacións para visitar o barrio: oficios, avós/as (Memorias), outras escolas...
- Invitacións para enviar correspondencia ao Servizo de Correos.
- Invitación ás empresas, establecementos... para colaboraren doando distintos recursos.

Actividades no barrio dentro da escola:

Estas actividades serán presentadas en cada espazo mediante unha breve descrición co fin de contextualizalas.



Somos conscientes de que o barrio está en constante transformación e poden ir aparecendo novos elementos.



En todos os establecementos prepararemos a sinalización destes e a das distintas seccións (na farmacia-
óptica, medicamentos, alimentación infantil, óptica, coidado corporal...). Súmanse as tarefas de
mantemento: posta de prezos, etiquetaxe de
produtos...

Convidaranse as persoas que desenvolvan estas
profesións no contorno para que veñan facer xogos
de roles ao noso barrio. No que vai de curso xa
pasaron varias (Sanidade, Correos...).



Atendendo á metodoloxía, as dinámicas que se desenvolven no barrio parten da actividade espontánea, aproveitando a infinidade de recursos que hai nel e, por outra banda, están deseñadas distintas intervencións a través de obradoiros (primeiros auxilios, perfumes, obras de arte para a galería...) e plans de acción (rexistrar datas de caducidade dos produtos e facer cálculos, comparar prezos, realizar compras de menús saudables, lecturas comentadas de artigos da prensa, ler as etiquetas dos produtos, preparar unha viaxe na axencia ...). A isto súmase as actividades que se relacionan co barrio e que se desenvolven noutros espazos: a caixa de urxencias das emocións (caixa de investigación emocional que se traballará no D. O., obradoiros de cociña para despois facer a publicación dos receitas para o quiosco, desenvolvemento do Consello Escolar onde se falará sobre o barrio e a situación lingüística...), obradoiros con artistas habitantes para obras que se exporán na galería...





En todos os establecementos existen intervencións comúns:

- a etiquetaxe.
- a posta de prezos.
- os carteis de ofertas.
- os carteis de publicidade (as familias serán invitadas a participar).
- recursos acordados:

receitas médicas...

- aproveitamento dos textos das etiquetas dos produtos: para observar os distintos idiomas empregados e establecer similitudes e diferenzas entre linguas, reflexionar sobre a ausencia do galego, facer traducións...
- os catálogos dos produtos: de alimentación, de moda...
- deseño de bolsas da compra con materiais ecolóxicos.
- deseño de recursos de comunicación adaptados (con pictogramas, en braille..) por exemplo os menús do café teatro, as accións que se desenvolven na clínica...

Para estas actividades empregaremos as TIC para facer os deseños dos carteis,



maquetaxe...

ULTRAMARINOS

- Quiosco: con prensa sobre moi diversos temas (decoración, corazón, deportes, mundo do motor, moda...). Estas revistas foron traídas polas familias. Elaborarase máis prensa dende



as titorías e especialidades e nas comisións de familias. Incluírase a revista *O Papagaio*. Farase unha publicación de fotogramas de acontecementos do barrio (tipo cómic).

- Alimentación: Produtos de venda por xunto, conxelados, lácteos, bebidas, panadaría, pasta e arroces, doces... Etiquetaranse botellas con "etiquetas artísticas". Salienta o deseño dun recurso con fotografías e o nome dos alimentos para axudarlles aos máis pequenos/as a elaborar as listas da compra.
- Drogaría: Farase un obradoiro de perfumes que se venderán nesta sección con herbas aromáticas xunto cos botes comerciais. Faranse os slogans para a súa publicidade (especialmente de limpeza, coa perspectiva de xénero).



- Artigos de agasallo: Podemos atopar tarxetas de felicitación con deseños de artistas galegos/as (Leandro Lamas...).
- Mercería: Poden mercarse teas. Farase un obradoiro de roupa para bonecos/as que xestionará a comisión de costura xunto coas titorías. Con estas pezas farase un catálogo.
- Xogos de azar. Nesta sección podemos atopar boletos de lotaría. Faranse sorteos, xogos...



AXENCIA DE VIAXES

Na axencia podemos atopar diversidade de materiais relacionados con viaxes: folletos, mapas... Nela funciona o Servizo de Correos da escola, tanto para a correspondencia interna da escola como a correspondencia que nos vén de fóra. Faremos un vídeo promocional do barrio.

- Preparación de viaxes a países de fala portuguesa, que se sinalarán nun mapa que estará exposto.






- “Mapas Mundis, mapas galeguis”: onde se localizarán familiares embarcados ou que viven noutros puntos xeográficos...



- Correos: para correspondencia interna e externa. Esta irá chegando á caixa de correos; coas postais localizaranse os destinos e realizarase unha exposición delas. Un grupo de alumnado é o encargado de repartir a correspondencia.
- Catálogos: Faranse distintos catálogos de viaxes con rutas locais... En todas elas haberá ligazóns e códigos QR para poder utilizar as tabletas. Salientan os que se farán

sobre Aguiño.

- Viaxes da escola: Cando se realice unha saída, realizarase unha exposición sobre esta.
- Viaxes da ANPA: haberá un espazo dedicado ás viaxes que organiza a ANPA (fotografías, ligazóns na rede de información, localizacións no Google Earth...).



FARMACIA E ÓPTICA



- Medicamentos clasificados por doenzas: deseñaremos un *Vademecum* que se compartirá entre a farmacia e a clínica.
- Produtos de beleza.



- Coidados do bebé.
- Óptica. Paneis de revisión da vista con palabras en galego en distintos tamaños.
- Servizo de peso e de medición.

Faremos deseños de campañas de sensibilización: enfermidades, nutrición...



CLÍNICA

Na clínica podemos atopar dous espazos: a consulta e a zona de exploración, analíticas...





Neste espazo traballaremos o vocabulario específico referido á anatomía e aos nomes de enfermidades (etiquetaxe de radiografías, carteis do corpo humano...) Compartirase o *Vademecum* coa farmacia. Deseñaremos un talonario de receitas e un modelo de historiais.

CAFÉ TEATRO. No café teatro existen dous espazos: o escenario de actuación, con diversos recursos para disfrazarse e caracterizarse, e a zona do café, onde poden tomar distintos produtos (café, doces...). Faranse menús, salientando os adaptados (braille...).



- Actuacións en vivo: recitais de poesía galega e portuguesa, monicreques, contacontos... (deseñaranse unhas caixas con recursos por se se precisan para as actuacións: poemas, chistes...).
- Ciclo de fados.
- Actuacións de artistas locais.
- Gramola: nela poderán escoitar distintas cancións en galego e portugués a través de códigos QR. A isto súmase o fondo de fonoteca para pór música ambiente (galega e portuguesa).



Todas as actuacións serán anunciadas mediante carteis.

GALERÍA DE ARTE. Iranse presentando distintas exposicións que poderán ser visitadas por toda a comunidade educativa e faranse carteis que as anuncien. As explicacións estarán en galego e inglés.

Terán cabida obras de:


- Artista habitante (modalidade de Escola Aberta, onde a/o artista convive co alumnado). Este curso contamos coa presenza da artista Adriana Pardo.
- Reproducións de obras de arte de artistas locais e galegos/as.

- Carteis de exposicións.
- Obras feitas con materiais de reciclaxe do que poderíamos atopar no barrio.
- Obras realizadas pola comunidade educativa: as familias, o alumnado...



5 Implicación da comunidade educativa

- Todo o claustro, alumnado, persoal non docente e familias.
- ANPA.
- Equipo de Innovación.
- Alumnado de prácticas (13 alumnos/as).
- Visitas doutras escolas.
- Persoas do contorno que veñan a falar do seu oficio, avós/as...
- Visitas de profesorado que vén visitar a escola e ao que se lle ensina o barrio.
- Empresas, comercios, institucións...



Os recursos materiais existentes estarán á total dispoñibilidade para o desenvolvemento deste proxecto e intentarase conseguir aqueles dos que se detecte a súa necesidade (mediante doazóns e intentando mercalos).

6 Colaboracións con institucións, entidades, asociacións ou empresas

Como xa dixemos ao longo destas páxinas, a apertura á colaboración é total. Actualmente contamos con numerosas colaboracións de comercios, asociacións... que acolleron este proxecto con grande entusiasmo.

7 Medidas de difusión do proxecto

- Carteis para informar sobre a existencia do noso barrio (repartiranse entre os comercios locais para que os poñan nos seus establecementos) e convidar a veciñanza a visitalo e facer propostas.
- Adhesivos.
- Vídeo de promoción (para familias, outros colexios...).
- Blog da Biblioteca.
- Visitas.
- Reunións de familias.
- Exposición na Feira de Educación de Ribeira.
- Notas informativas.



8 Orzamento

- Edición de material (carteis, adhesivos, materiais adaptados, catálogos, reprodución de obras de arte...):
500 €
- Mobiliario: 500 €
- Fonoteca: 300 €
- Recursos para utilizar no barrio (básculas, disfraces ...):
300 €
- Material funxible para realizar recursos, obradoiros...(pinturas...): 400 €



9 Plan de avaliación

Partindo dos obxectivos, avaliaremos o seu grao de consecución, e poderase chegar a reformular aqueles que non se axusten ás circunstancias que poidan xurdir.

Avaliación:

- **de centro:**

- elementos que interveñen nos procesos de ensino aprendizaxe (organizativos...): cambios metodolóxicos introducidos a partir deste proxecto (ambientación, deseño de materiais ...).
- utilización dos recursos dispoñibles.

- **dos axentes educativos**


- participación e implicación.
- satisfacción dos procesos e dos resultados obtidos.

- **de implicación da comunidade educativa:**

- profesorado: deseño de recursos, plans de acción, obradoiros...
- das familias: a través das modalidades de Escola Aberta (colaboradoras, expertas, comisións...)
- do alumnado: actividade espontánea e nas dinámicas que se lle propoñen.
- doutros axentes educativos: colaboracións...

- **externo aos centros**

- de difusión.



-grao de satisfacción das institucións colaboradoras.

-impacto da difusión pública.

- **Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua na comunidade educativa. Incremento:**

- do uso e valoración da lingua galega.

- da sensibilización cara á lingua, á diversidade e á perspectiva de xénero

- da actitude positiva cara escoitar música, poemas...en portugués.

O proceso de avaliación estruturarase do seguinte xeito: recollida de información segundo os obxectivos marcados, análise da información e toma de decisións e reformulacións de cara á continuidade nun futuro.

10 Profesorado participante

Como xa dixemos, participa todo o claustro pero a convocatoria só permite incluír 10 persoas.

Nome e apelidos	Cargo	Funcións
Uxía Acuña Abalde	Directora. Apoio de educación infantil. Coordinadora do EDLG. Coordinadora do Equipo de Innovación.	Coordinador do Proxecto no CEIP Heroínas de Sálvora. Establece relacións coas institucións da contorna. Apoio e supervisión de todas as tarefas. Deseño de materiais de difusión.
María Teresa Tourís	Mestra de relixión. Coordinadora do acondicionamento do barrio. Equipo de Innovación (TIC)	Coordinadora do barrio. Deseño e montaxe. Creación de recursos para a ambientación.
Eva Pérez Rama	Titora de educación primaria. Mestra de inglés. Equipo de innovación (Biblioteca).	Creación de recursos para a ambientación. Deseño de obradoiros e de plans de acción.

Nair González Méndez	Titora de educación primaria. Equipo de Innovación (TIC).	Creación de recursos para a ambientación. Deseño de obradoiros e de plans de acción.
Belarmino Rodríguez Gutiérrez.	Mestre de E. Física. Coordinador de Biblioteca. Equipo de Innovación.	Creación de recursos para a ambientación. Deseño de obradoiros e de plans de acción.
Rosa González Martínez	Titora de educación primaria. Xefa de estudos. Equipo de Innovación (EDLG).	Creación de recursos para a ambientación. Deseño de obradoiros e de plans de acción. Deseño de materiais de Difusión.
Estefanía Domínguez González	Titora de educación primaria. Equipo de Innovación (Biblioteca).	Creación de recursos para a ambientación. Deseño de obradoiros e de plans de acción.
M. ^a Teresa Hernández Alfaraz	Titora educación infantil. Coordinadora do Equipo TIC. Secretaria. Equipo de Innovación.	Creación de recursos para a ambientación. Coordinadora do Servizo de Correspondencia en educación infantil.
José Luís Campaña Parada	Mestre de Audición e Linguaxe. Coordinador de Extraescolares. Equipo de Innovación.	Adaptación e creación de recursos para casos de alumnado con NEAE. Creación de recursos para a

		ambientación. Deseño de obradoiros e de plans de acción. Deseño de materiais de Difusión.
Eva M. ^a Fernández Martínez	Mestra de Pedagogía Terapéutica. Equipo de Innovación (TIC).	Adaptación e creación de recursos para casos de alumnado con NEAE. Creación de recursos para a ambientación. Deseño de obradoiros e de plans de acción.

11 Alumnado participante

Participa todo o alumnado: 206



